

Resolución da Dirección da Axencia pola que se pon fin ao procedemento de avaliación da actividade investigadora do persoal contratado pola Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius-IN857A)

O Decreto 64/2016, de 26 de maio, regula o réxime de contratación pola Axencia Galega de Innovación (Gain) de persoal investigador baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius).

No capítulo II do citado decreto establécese a avaliación por parte da Gain da actividade investigadora dese persoal con vistas a garantir o mantemento da excelencia. Con este fin, este persoal investigador está sometido a un proceso de avaliación que ten en conta a actividade investigadora en termos de impacto e calidade da produción científica, liderazgo de proxectos financiados, formación de talento e os resultados da investigación desenvolvida,

A Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 29 de agosto de 2018 (DOG nº 181, 21 de setembro) é a que establece o procedemento e o baremo para a avaliación da actividade investigadora de persoal investigador contratado pola GAIN baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Programa Oportunius).

De acordo co establecido no artigo 4 da citada orde, o 4 de marzo de 2020, Diego Martinez Santos (**3834**), solicita a súa avaliación da actividade investigadora dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería, (DOG nº 232 do 5 de decembro de 2016).

A GAIN nomeou unha Comisión Avaliadora dentro do dominio ERC de ciencias Físicas e Enxeñería por Resolución do 22 de outubro de 2020.

A Comisión Avaliadora, o día 30 de novembro, levou a cabo a valoración do candidato de acordo cos baremos establecido no anexo II da citada orde, co resultado por unanimidade, dunha puntuación de 95 puntos e polo tanto a calificación de Eminens (moi bo).

A Comisión Avaliadora, para dar cumprimento ao establecido no artigo 7 da orde, elevou informe final á dirección da Axencia Galega de Innovación, e a vista do cal,

RESOLVE:

1. *Adxudicar a calificación de Eminens (moi bo) a Diego Martinez Santos.*
2. A avaliación Eminens, conforme ao estipulado no artigo 25 do Decreto 64/2016, de 26 de maio, dará dereito ao persoal investigador a percibir o complemento de rendemento investigador.





3. O resultado da avaliación terá efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2021.
4. Contra a citada resolución, que agota a vía administrativa, porase interpor potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á publicación da resolución, ante o/a propio/a director/a da Axencia Galega de Innovación (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas), ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses computado dende o día seguinte á publicación desta resolución, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela (artigos 8.3 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

